

## experiencias por aire

a vista de paxaro

Por auga, por mar e por aire, a abrupta Costa da Morte ofrece grandes oportunidades para gozar desde diferentes perspectivas do seu patrimonio cultural e natural. Se realizar unha travesía por terra, mar ou río resulta tentadora, poder desfrutar dos panoramas navegando polo aire, engade a eterna sensación de procura de liberdade. Voar é un desexo presente entre os seres humanos xa desde a Antigüidade en mitos gregos como o de Ícaro e Dédalo.

Actualmente, este desexo converteuse nunha realidade. O voo pode ser libre ou motorizado, pero para vivir a experiencia hai que ter en conta unha serie de medidas de seguridade, ademais de coñecementos de meteoroloxía e un manexo adecuado do material. Recoméndase non realizar ningunha práctica autónoma, se nunca se tomaron clases cun ou cunha monitora profesional.

### empresas especializadas

#### NaturMaz

Aeródromo de Fervenza - 15256  
(Mazaricos)  
610 550 524  
www.naturmaz.com  
info@naturmaz.com

Actividades que ofertan: cursos e  
bautismos en ultralixeiro.

imaxe de capa e de contracapa: NaturMaz



**COSTA DA MORTE**  
Asociación de Turismo CMAT



**XUNTA  
DE GALICIA**

galicia

gal

## experiencias por aire

a vista de paxaro

**EXPERIENCIAS  
DE TURISMO ACTIVO  
E DEPORTIVO  
NA COSTA DA MORTE**



**COSTA DA MORTE**  
Asociación de Turismo CMAT



**XUNTA  
DE GALICIA**

galicia

## voos sen motor

O voo sen motor ou libre xorde como intento de facer voar unha aeronave, sentando os precedentes do voo a motor. Aínda que podemos botar a vista atrás e revisar estudos como os de Leonardo da Vinci e outros inventores, non é ata o século XIX cando se realizan os primeiros voos. Considérase como o pai do voo sen motor ao enxeñeiro alemán Otto Lilienthal, aínda que tamén foron importantes as achegas de personaxes do talle de George Caley ou dos irmáns Wright.

Na Costa da Morte podemos gozar de varias zonas para a práctica de ala delta e parapente. Estas dúas modalidades de voo libre teñen inicios comúns, aparecendo en primeiro lugar a ala delta (triángulo) patentada por Francis Rogallo nos anos 50. A NASA apoiou o seu desenvolvemento, centrándose despois na busca dun paracaídas co que poder recuperar as naves espaciais. De aquí xorde o parapente, aínda que as súas orixes confúndense con outras modalidades da aeronáutica.

Para a práctica do voo libre autónomo é imprescindible ter nocións de meteoroloxía, coñecer á perfección as masas de aire (térmica, dinámica e turbulencias), os espazos aéreos e a orografía do terreo onde imos levantar o voo, sobrevoar e aterrizar.

Á Costa da Morte achéganse moitos entusiastas destes deportes. Pódense ver ala deltas e parapentes na praia de Leira, próxima a Caión, na parte esquerda da praia de Razo – Baldaio en Carballo, na ladeira xunto á praia de Soesto en Laxe, na praia de Carnota ou no río Xallas, gozando de toda a paraxe a vista de paxaro.



## ala delta

Os primeiros voos con ala delta prodúcense nos Estados Unidos nos anos 70, á vez que se utilizaban cometas propulsadas por lancha en Australia. En Galicia, o primeiro campionato foi celebrado en Mondoñedo en 1979.

A vela ríxida evolucionou, requirindo coñecementos técnicos básicos para levantar o voo e aterrizar. Para voar hai que servirse das correntes ascendentes de aire, sendo esencial o equilibrio e a resistencia de modo que a experiencia vivida sexa segura e poida resultar apaixonante. A diferenza do parapente, non é imprescindible a presenza de vento, aínda que o traslado do material é máis complicado, por ter que transportar a ala á zona de partida.

Para a súa práctica precisamos dunha vela ríxida, o arnés, casco, paracaídas de emerxencia, dobre colgadoiro de seguridade e roupa de abrigo.

## parapente

Dos primeiros paracaídas cadrados utilizados pola NASA chégase ao parapente, que ven significar *paracaídas en pendente*, utilizado desde os anos 80 por montañeiros e montañeiras nos Alpes franceses.

O parapente é unha ala flexible rectangular con capacidade de voo e de manobra, coa que realizar un descenso controlado, lanzándose con ela despregada desde unha pendente. Pódese practicar durante todo o ano, aínda que as mellores condicións soen darse en verán, cunha climatoloxía máis estable, sendo o mediodía a hora máis complicada.

Para a praxe deste deporte só necesitamos ter algo de estratexia durante o voo e sobre todo moita concentración. O material imprescindible é a vela ou parapente, o arnés e a cadeira, o casco, un equipo de radio e roupa de abrigo. Tamén se aconsella contar cun GPS e un barómetro tras superar os cursos de iniciación. A súa carga é fácil de transportar grazas ao pouco espazo que ocupa e á súa manexabilidade. Este feito converteuno nunha boa opción fronte á ala delta, popularizándose a partir dos anos 90. Aínda que, pola contra, precisa de vento para a súa práctica.



## voos con motor

O primeiro voo a motor controlado foi realizado polos irmáns norteamericanos Wright o 17 de decembro de 1903, os cales utilizaron unha catapulta para o despegue. Tres anos despois, o brasileiro Santos Dumont efectuou o primeiro despegue a motor cunha aterraxe segura, inaugurando a aeronáutica moderna.

## paramotor

O paramotor é un parapente motorizado que xorde cando os e as especialistas deste deporte engadiron un motor de propulsión e unha hélice á cadeira. Isto propicia que a aeronave poida levantar o voo, gañar altura e aterrizar en case todo tipo de terreos chairros (praias, prados, eirados etc).

O primeiroponse en marcha en 1988, resultando bastante pesado e cun difícil manexo en terra durante a preparación do despegue. Xa nos 90, grazas a materiais e motores máis lixeiros, a súa práctica esténdese. A condución é a mesma que no caso do parapente, engadindo unicamente o control do mando de gas.



## ultralixeiro

O ultralixeiro defínese como un avión deportivo de pouco peso e escaso consumo, capaz de transportar unha ou dúas persoas. A medio camiño entre a avioneta e a ala delta, a primeira aeronave destas características xorde nos Estados Unidos, cando se motoriza unha ala delta. As primeiras máquinas ultraliviáns denomínanse trikes ou dous eixos, pois para controlar a aeronave cómpre mover toda a ala nun movemento basculante. Os novos materiais e motores melloraron as prestacións dos ultralixeiros no século XXI, sendo habitual o uso da fibra de carbono. Grazas a estas máquinas e ao abaratamento do seu custo, a aviación recreativa aumentou a súa práctica.

Para voar cun ultralixeiro non é preciso ter un plan de voo nin control aéreo, permitindo maior liberdade á hora de realizar unha saída. Porén, é indispensable posuír a capacitación especializada para pilotalo.

